

Impartido polo **Prof. Dr. Álvaro J. Iglesias Maceiras**, Profesor Titular da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade da Coruña.

Catro sesións teóricas de unha hora e media de duración (**de 12 a 13:30 horas**) a desenvolver os días **6, 13, 20 e 27 de maio de 2021**, nas instalacións da **Universidade Sénior en Normal** (Paseo de Ronda, 47, 1º) da **Coruña**, coa seguinte **estrutura: dúas presentacións de 35-40 minutos** cun descanso entre ambas de 10 minutos

As **prazas son limitadas**, tendo **preferencia os alumnos e alumnas matriculadas** na Universidade Sénior no **curso 2020-2021**, e serán **asignadas por rigurosa orde de inscrición**.

A **inscrición** só poderá realizarse **mediante formulario electrónico** no seguinte **prazo: do 24 de abril ao 2 de maio**, a través da páxina **web: www.udc.gal/senior**, ou o seguinte código QR:

Mais información:

Universidade Sénior
- A Coruña
Edificio Normal
Campus de Riazor
Tlf. 881014507
udc.senior@udc.es

Inscrición:



UNIVERSIDADE SÉNIOR - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SEMINARIO

O Camiño de Santiago: Historia, Mito e Lenda



Maio e Xuño de 2021

MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN NA
SECRETARÍA DA UNIVERSIDADE SÉNIOR

WWW.UDC.GAL/SENIOR



O ano Santo Xacobeo celébrase cando o día 25 de xullo, festividade do Apóstolo Santiago cae en domingo. Isto soe ocorrer cunha cadencia regular de 6-5-6-11 anos, debido a que hai anos bisestos, senón se produciría cada 7 anos. Deste xeito, en cada século celébranse catorce Anos Santos Xacobeos. A peregrinación xacobeá foi a última en aparecer dentro das tres grandes peregrinacións cristiás (Xerusalén, Roma e Santiago de Compostela).

Xa desde a Alta Idade Media, un número crecente de persoas realizou esta ruta de peregrinación por motivos de fe, ao considerar que os restos do apóstolo tiñan unha capacidade de intercesión ante Deus, pero nestes últimos anos a motivación é de varios tipos: espiritual, deportiva, cultural, turística, etc.

Neste século XXI xa se celebraron 2 Anos Santos, o 2004 e o 2011, de modo que o terceiro deste século XXI será o vindeiro ano 2021, motivo polo cal semella procedente dedicar un Seminario a este asunto para que os interesados no tema podan coñecer diversos aspectos desta manifestación de ámbito europeo.

O Seminario organízase de tal xeito que se dará un repaso, con carácter divulgativo, de todos os feitos acaecidos desde o propio relato bíblico relativo ao Apóstolo Santiago, o mito do traslado e enterramento dos seus restos na Galicia romana, o redescubrimento medieval do sepulcro co conseguinte inicio da lenda e a peregrinación desde a Europa Occidental e, finalmente, a consolidación da ruta Xacobeá polos distintos “camiños” que existen na actualidade, con especial atención ao denominado “Camiño Inglés”.

Contidos:

1ª Sesión: Xoves, 6 de maio

- “O Apóstolo Santiago o Maior” - Historia bíblica do apóstolo Santiago. Vida, predicación e martirio.
- “A traslatio dos restos do apóstolo” - O corpo do apóstolo chega ao Noroeste da Península Ibérica”

2ª Sesión: Xoves, 13 de maio

- “A Inventio e a fundación da Igrexa Compostelá” - Desde o descubrimento do sepulcro ata a Batalla de Clavijo”
- “As primeiras peregrinacións ao sepulcro” - Primeiros peregrinos e evolución de Compostela como centro de poder e indulxencia”.

3ª Sesión: Xoves, 20 de maio

- “Peregrinacións ao longo da historia-Consolidación e apoxeo. Impulso da cultura europea occidental”
- “Escavacións arqueolóxicas de 1879” - Reliquias atopadas e estudo anatómico dos osos”

4ª Sesión: Xoves, 27 de maio

- “A reconstrución do monumento e o sepulcro actual” - Peregrinación ad limina sancti Jacobi: os camiños na actualidade”
- “Descrición do Camiño Inglés”

5ª Sesión: Venres, 4 de xuño

Saída de campo por un tramo do “Camiño Inglés”